

28 de maio - 20.30 h.

# 3ª FESTA DA LINGUA

Auditorio da Casa da Cultura  
de Bertamiráns  
(Ames)

Actuarán:

**ESPIDO  
TALÍA TEATRO  
CELSE SANMARTÍN  
A BANDA DA BALBINA**

Presenta: **BELÉN REGUEIRA**

Entrada de balde, mais con convite.

Os convites recolleranse no Servizo de Normalización  
Lingüística dos concellos colaboradores.

PATROCINA:



COLABORAN:

@s que o mamaron na casa. @s neofalantes. @s que din: pero eu non cho sei falar ben. @s que llelo falan aos seus fillos. @s que se arrepiñen de non falárllelo. @s que se negan a dicir grazas. @s que apuntan en libretas as palabras que di a súa avoa. @s que viñeron de Erasmus e decidiron aprendelo. @s que buscan amante galego-falante. @s que xa o teñen. @s que teñen gheada. @s que teñen seseo. @s que colocan mal os pronomes. @s que non cambian de lingua nas tendas caras nin no médico. @s que aseguran que é o idioma no que pensan as vacas. @s que o usan no tuenti. Sue Ellen e Shin Chan. @s que preguntan: mamá, e nós por que falamos así? @s que cren que os seus tomates e a súa lingua son os mellores. @s realmente plurilingües. @s reintegracionistas. @s isolacionistas. @s que aprenderon a dicir guindastre vendo a Galega. @ únic@ que o fala no instituto. @s que fan as vogais abertas ou pechadas indiscriminadamente. @s que castrapean. @s que van ao Celga. @s que ligaron coa súa axuda. @s que o falan cando van á aldea. @s que o seguen falando no Parlamento. @s que cren que Son Goku fixo máis por el que moitos políticos. @s de letras. @s físic@s, @s químic@s e @s matemátic@s. @s que votan ao Bloque. @s que votan ao PSdG. @s que votan ao PP de Galicia. @s que votan a outr@s. @s que non votan. Falamos.

Belén Regueira

## ACTUACIÓNS

- **Talía Teatro.** *Nin en soños* de Séchu Sende (monólogo interpretado por María Ordóñez)
- **Celso Fernández Sanmartín.** *Bicoca de boca en boca* (contos e historias de tradición oral)
- **Banda da Balbina.** Gañadora do A polo ghit do ano 2009
- **Espido.** Guadi Galego e Gillermo Fernández (Berrogüetto) forman Espido, a unión de dúas grandes personaxes da escena musical galega que sen necesidade de máis instrumentos que unha guitarra e unha voz, crearon en 2005 este proxecto. Con Espido consolídanse ambos os dous como grandes figuras da “World Music” en Europa, demostrando de novo que o talento non precisa de abelorios para chegar á esencia da música, con temas de creación propia ou adaptacións tradicionais.

## Manifesto sobre a lingua (ou de como non estou para festas)

Quen hoxe lles fala, desconfía da efectividade dos manifestos a prol do galego (tamén deste, por suposto); se cadra, porque moitas das autoridades que os aplauden cos seus traxes de gala, cando remata a romaría, volven poñer as roupas *decote*: esas que favorecen o uso prioritario do castelán como instrumento comunicativo da modernidade, pois o galego seica nos *limita*.

Quen hoxe lles fala, desconfía tamén das consignas partidistas: dese círculo vicioso de sofismas maniqueos que rematan coa paciencia dun santo.

Mais non pensen que este é un discurso equidistante: máis ben pretende ser un agasallo para un fillo de catro anos, porque eu non quero negarlle a el o que a min me negaron. Tamén na escola.

Non quero negarlle as mil primaveras de Álvaro Cunqueiro.

Non quero negarlle a modernidade de acceder a outros idiomas e culturas, mais sempre desde a experiencia de sentir viva a nosa lingua na boca.

Non quero, en definitiva, negarlle o privilexio de ser un cidadán do seu tempo: conectado en rede co resto do universo, mais coas raíces nas terras de Ortoño.

Por iso, e a pesar das treboadas políticas, quixera seguir a confiar no común da xente; neses milleiros de persoas que, desde o amor e a liberdade, deciden que a mellor defensa da lingua acontece nese lugar tan prosaico que denominamos día a día ou vida cotiá. Aí, nas xornadas non festivas, é onde decidimos o destino do galego: ou peza de museo ou *software* colectivo.

E o resto veñen sendo andrómenas, brillos fugaces que duran o que dura o fulgor do arco da vella. Oupel para tranquilizar a nosa mala conciencia de desertores do idioma.

Carlos Negro